

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 5 DE XANEIRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día cinco de xaneiro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Ignacio D. Saa González.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto (que se incorpora cando se sinala).
- D. José Luis Lomba Álvarez.

Asiste como Secretaria Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTAS SESIONS ANTERIORES.- (14/12/06 E
27/12/06)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 14 e 27 de decembro ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes na mesma polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO 2.- SERVIZOS

Lese o escrito RE 9.132 de data 27 de decembro de 2006, presentado por M^a ISABEL URBANO VICENTE, con enderezo na rúa Galicia, nº 70 de A Guarda, reiterando a súa solicitude de anulación dos recibos por taxa de sumidoiro do

obxecto tributario sito na rúa Galicia, nº 70 así como a súa baixa no padrón correspondente pola imposibilidade de conexión.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a imposibilidade técnica de conexión deberá xustificala axeitadamente.

Lese o escrito RE 9.052 de data 22 de decembro de 2006, presentado por DNA. PASTORA GARRIDO UCHA, con enderezo na rúa Trav. Principal Novás, nº 47 de O Rosal, solicitando que se lle reintegren os gastos pola compra dunhas gafas que rompeu tras unha caída na rúa Galicia como consecuencia dunha baldosa solta.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Policía Local para faga informe ó respecto.

Lese o escrito RE 9.149 de data 28 de decembro de 2006, presentado por DNA. MARÍA DALIA PENIZA BAZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 109 actuando en representación de Dna. Avelina Baz Martínez, solicitando a baixa no padrón de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario Malteses, nº 20.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se non se declara a ruina do obxecto tributario non cabe dita baixa.

PUNTO 3.- SOLICITUDES

Dase conta do escrito RE 8.839 de data 14 de decembro de 2006, presentado por DNA. MARÍA JESÚS MARTÍNEZ MARTÍNEZ, con enderezo no Barrio de Salgueiró, nº 22 de A Guarda, presentando queixa pola presenza de cans asilvestrados nas inmediacións da súa vivenda e solicitando que se tomen as medidas oportunas para remedialo.

A Xunta de Goberno Locas dase por enterada.

Lese o escrito RE 8.867 de data 15 de decembro de 2006, presentado por DNA. LILA SUÁREZ DOMÍNGUEZ E DNA. OVIDIA PÉREZ GONZÁLEZ, con enderezo na rúa José María Sesto, nº 88 e nº 90 respectivamente, solicitando que se coloque a correspondente sinalización no camiño que vai dende a comarcal PO-552 ata a industria "Prefabricados Estevez, S.L." co fin de limitar a dimensións e tonelaxe dos vehículos que poidan circular polo mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda que se tratará de resolver o asunto falando coa empresa.

INCORPÓRASE O SR. FRANCO PEIXOTO.

Lese o escrito RE 9.024 de data 21 de decembro de 2006, presentado por D. JOSÉ MANUEL DA SILVA MARTÍNEZ E DNA. M^a FERNANDA SOBRINO CARRERA, con enderezo na rúa Marouco de Palla, nº 51 de A Guarda, solicitando que se tomen as medidas oportunas encamiñadas a impedir que sigan exetendendo e amoreando as algas que se recollen na explanada e rúa diante do seu negocio ubicado nesta praia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 9.096 de data 26 de decembro de 2006, presentado por DNA. TERESA PENA MARTÍNEZ, con enderezo na rúa Calvo Sotelo, nº 19-2º Dta de A Coruña (C.P. 15004), solicitando que se lle informe do nome da persoa responsable da xestión da emisión e cobro das sancións coercitivas impostas ó Sr. Constantino Lago Bargiela.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do escrito á Xestión Tributaria.

Lese o escrito RE 9 de data 2 de xaneiro de 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, como representante legal de ÉRGUETE BAIXO MIÑO, solicitando a colocación dunha antena de televisión na fachada frontal dereita do edificio onde están ubicados.

A Xunta de Goberno Local sinala que non existe inconveniente.

PUNTO 4.- OUTROS ACORDOS

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio correspondente ó mes de decembro de 2006.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación.

Lese o escrito RE 8.940 de data 18 de decembro de 2006, presentado por CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL, remitindo denuncia en materia de prevención de incendios presentada por Dna. María Ascensión Villaverde Rodríguez e informando das actuacións a levar a cabo por parte do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda tramitar dito expediente.

Dase conta do escrito RE 8.876 de data 15 de decembro de 2006, presentado por CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA – SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS, xunto co que remiten copia da Resolución de 15 de novembro de 2006 da Dirección Xeral de Obras Públicas pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o documento complementario da actuación: vía de alta capacidade Tui-A Guarda para a súa exposición no taboleiro de anuncios.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 13 de data 2 de xaneiro de 2007, presentado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, solicitando que se lles comuniquen a potencia e a tarifa que se quere contratar para o ano 2007, dando cumprimento deste xeito ó estipulado no Real Decreto 1454/2005 de 2 de decembro de 2005.

A Xunta de Goberno Local sinala que a comunicación foi presentada fora de prazo e que o asesor comercial da empresa deberá informar sobre as posibilidades que se ofertan.

Lese o escrito RE 14 de data 2 de xaneiro de 2007, presentado por FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS, informando que o Convenio do grupo estable do GRUMIR enténdese prorrogado ó non existir denuncia expresa por parte das consellerías e que a actual distribución dos GRUMIR prorrógase ata o 2007.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 9.209 de data 30 de decembro de 2006, presentado por D. JOSÉ LOMBA MARTÍNEZ, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 76 de A Guarda, expoñendo que non desexa percibir o importe fixado polo Xurado Provincial de Expropiación pola finca sita en Circunvalación nº 78 e polo tanto que dito importe quede depositado na Caixa Xeral de Depósitos.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa está consignado.

Lese o escrito RE 9.159 de data 28 de decembro de 2006, remitido por VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR – SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, indicando as condicións xerais dos convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e os concellos de Galicia para o ano 2007. Solicitan tamén que este concello manifeste de xeito inequívoco a súa disposición a continuar coa colaboración comezada no ano 2006.

A Xunta de Goberno Local acorda manifestarlle ó Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller a súa disposición de continuar coa colaboración comezada no ano 2006.

Lese o escrito RE 9.187 de data 29 de decembro de 2006, presentado por DNA. AVELINA ALONSO VICENTE, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 6 de A Guarda, comunicando o peche temporal, aproximadamente 6 meses, do establecemento denominado Restaurante Arturo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que debe determinar as datas concretas do peche e o motivo do mesmo. Asimesmo acorda comunicarlle que se o peche implica baixa da actividade, dende o punto de vista fiscal e de servizos deberá solicitar a baixa dos mesmos legalmente, sinalándolle ademáis que se o peche durase máis de 6 meses deberá solicitar de novo a alta da actividade.

PUNTO 5.- SUBVENCÍONS

Dase conta do escrito RE 9.157 de data 28 de decembro de 2006, presentado por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, notificando a resolución da Presidencia de conceder ó Concello de A Guarda unha subvención de 1.875 euros con cargo ó Programa de Ación Municipal 2006, Sección Actividades para financiar a actividade: encontro de corais.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Vista a Orde do 1 de decembro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades de divulgación, formación educativa e estudos técnicos, para os concellos incluídos na Rede Natura 2000, así como a súa convocatoria para 2007, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para o asunto, acorda solicitar a subvención regulada na presente Orde.

PUNTO 6.- ASUNTOS TRAIOS POR CONCELLEIROS

Dase conta do escrito RE 9.110 de data 27 de decembro de 2006, presentado por GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, solicitando copia do Decreto 920/2006 e do 825/2006.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 9.144 de data 28 de decembro de 2006, presentado por GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, solicitando copia dos documentos con RE 8.247, 8.031 e 7.992.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

PUNTO 7.- URBANISMO

Lese o escrito RE 6 de data 2 de xaneiro de 2007, presentado por DNA. FLORA ISABEL GOYÁS FERNÁNDEZ, con domicilio na rúa Galicia, nº 8 de A Guarda, presentando alegacións á cédula urbanística suscrita polo técnico municipal relativa a edificacións e terreos sitos na rúa Galicia, nº 8, e solicitando que se teñan pr presentadas ditas alegacións concedendo a edificabilidade que a Ordenanza nº 1 lle ampara a comparecnete e, o mesmo tempo, adoptando para o edificio en cuestión aquela solución que en nada perxudique á propiedade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 42 de data 3 de xaneiro de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ºA de Vigo, presentando denuncia contra o Concello de A Guarda por deixación de funcións ó permitir a permanente vulneración da legalidade urbanística nas antigas naves de Cerámica Santa Tecla, sitas na estrada de Circunvalación, s/n constatándose unha incesante actividade constructiva nas mesmas, e solicitando que se faga efectivo o requerimento efectuado pola Dirección Xeral de Urbanismo de data 25 de febreiro de 2002 adoptando as medidas de paralización das actividades e usos que se están levando a cabo en ditas naves, aplicando cautelarmente o precintado de todas as naves.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.